

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-20-TDAH

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre a era *detox*. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

A era *detox*

O fenómeno está a estenderse.

Nas nosas sociedades desenvolvidas, un número cada vez maior de cidadáns e cidadás pensa en modificar os seus modos de consumo.

Non só os hábitos alimentarios, individualizados xa ata tal punto que resulta practicamente imposible reunir oito persoas ao redor dunha mesa para comer un mesmo menú, senón do consumo en xeral —vestimenta, decoración, aseo, electrodomésticos, fetiches culturais (libros, DVD, discos compactos...) etc.—.



Todas aquelas cousas que ata hai pouco se acumulaban nos nosos fogares como sinais máis ou menos mediocres de éxito social e de opulencia, e ata certa medida de identidade, agora sentimos que nos asfixian.

A nova tendencia é a redución, o desprendemento, a supresión, a eliminación... En suma, a desintoxicación, o *detox*. É coma se comezase o ocaso da sociedade de consumo —establecida ao redor dos anos 1960 e 1970— e entrásemos no que se empeza a chamar a «**sociedade do desconsumo**».

Poderíase obxectar que as necesidades de consumo seguen sendo inmensas en moitos países en vías de desenvolvemento ou nas áreas de pobreza do mundo desenvolvido. Pero esa realidade indiscutible non debe impedirnos ver este movemento de «desconsumo» que se expande cun ímpeto cada vez máis intenso.

E tamén se podería argumentar que existe un estudo recente realizado no Reino Unido que recolle que, desde o principio da revolución industrial, as familias ían acumulando bens materiais nos seus fogares a medida que os seus recursos aumentaban. O

número de obxectos posuídos traducía o seu nivel de vida e o seu status social. Así foi ata 2011.

Ese ano alcanzouse o que poderíamos chamar o «pico dos obxectos» (*peak stuff*). Desde entón, o número de obxectos posuídos non deixa de reducirse.

Este fenómeno estase verificando na actualidade nos países desenvolvidos e en moitas zonas opulentas de estados do sur e é inevitable que esa sexa a evolución tamén nos países en desenvolvemento, como poden ser A China, A India ou O Brasil.

A toma de conciencia ecolóxica, a preocupación xeral polo medio ambiente, o temor ao cambio climático e, en particular, a crise económica do 2008 que con tanta violencia golpeou os estados ricos, influíron sen dúbida nesta nova austeridade zen. Desde entón, divulgáronse polas redes sociais moitos **casos** espectaculares de **detox anticonsumista**.

É o caso de Joshua Becker, un estadounidense que decidiu hai nove anos, coa súa dona, reducir drasticamente o número de bens materiais que posuían para viviren mellor e lograren a calma mental. Nos seus libros *Living with Less* («Vivir con menos») e *The more of less* («Máis con menos») e mais no seu blog *Becoming minimalist* («Volvéndose minimalista») (www.becomingminimalist.com/).

Becker conta: «Limpamos a desorde da nosa casa e da nosa vida. Foi unha viaxe na que descubrimos que a abundancia consiste en ter menos». E afirma que «as mellores cousas da vida non son cousas».

O consumismo é unha conduta impulsiva onde xa non importa o que se merca, importa mercar. En realidade, vivimos na sociedade do refugallo, desaproveitamos abundantemente.

Fronte a esa aberración, **o minimalismo de consumo** é un movemento mundial que propón comprar só o necesario. O exercicio é simple: hai que mirar as cousas que temos na casa e determinar cales usamos realmente. O resto é acumulación, veneno. E non só se trata de non consumir, senón de desintoxicarse, de liberarse do consumo acumulado.

E este fastío cada vez máis universal do consumo tamén acada o universo dixital. Está a xurdir o que poderíamos chamar un **dixital detox**, que consiste en abandonar as redes sociais por un tempo e por diferentes motivos.

Vaise estendendo o movemento dos «**exconectados**» ou «**desconectados**», unha nova tribo urbana composta por persoas que decidiron darlle as costas a Internet e vivir *offline*, fóra de liña. Non teñen WhatsApp, non queren oír falar de Twitter, non usan Telegram, odian Facebook, non senten simpatía por Instagram e non hai case ningún rastro deles por Internet. Algúns non posúen nin sequera unha conta de correo electrónico e os que a teñen ábrena só moi de raro en raro...

Pois ben, produto deste fenómeno xorde en Francia a reivindicación do dereito á desconexión dixital. En parte, como resposta aos múltiples casos de *burnout*

(esgotamento por exceso de traballo) que se produciron nos últimos anos como consecuencia da presión laboral.

Agora os traballadores franceses poden deixar de responder mensaxes dixitais cando remata a súa xornada laboral. Francia converteuse así na pioneira deste tipo de leis, pero aínda quedan incógnitas sobre como se aplicará esa lei.

A nova norma obriga as compañías con máis de cincuenta empregados a abriren negociacións sobre o dereito a estar *offline*; é dicir, a non contestar correos electrónicos ou mensaxes dixitais profesionais nas súas horas libres.

A necesidade do dixital detox, de estar fóra das redes e de descansar de Internet comeza, pois, a formularse dunha maneira seria.

En definitiva, **a sociedade de consumo**, en todos os seus aspectos, parece que deixa de seducir e que se está a acender no mundo unha luz de conciencia colectiva sobre o xeito de consumir.

Intuitivamente, agora sabemos que ese modelo, asociado ao capitalismo depredador, é sinónimo de dilapidación irresponsable. Os obxectos innecesarios asfíxiannos. E asfixian o planeta. Algo que a Terra xa non pode consentir porque se esgotan os recursos. Porque se contaminan, mesmo os máis abundantes (auga doce, aire, mares...).

E, ante a cegueira de moitos gobernos, chega a hora da acción colectiva da cidadanía a prol do **desconsumo**.

Texto adaptado de blogs.publico.es/dominiopublico

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ Que é a era <i>detox</i>? ■ En que consiste o desconsumo? ■ Que é a desconexión dixital? ■ Por que se produce a intoxicación dixital? ■ Que implicacións ten o consumismo no medio?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicaráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A.** «Comezou o ocaso da sociedade de consumo e entramos no que se empeza a chamar a sociedade do desconsumo».
- B.** «Non só se trata de non consumir, senón de desintoxicarse».
- C.** «Este fastío cada vez máis universal do consumo tamén alcanza o universo dixital».
- D.** «A toma de conciencia ecolóxica e o medo ao cambio climático influíron nesta nova austeridade».

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

«Comezou o ocaso da sociedade de consumo e entramos no que se empeza a chamar a sociedade do desconsumo»

- Cre vostede que a sociedade de consumo nos está deixando de seducir? Por que?
- Parécelle que consumir ou non consumir é simplemente unha cuestión de moda ou é algo máis complexo? Razoe a súa resposta.
- Cales cre que son os motivos que están levando a algunha xente a deixar de consumir?
- Cre que a sociedade está empezando a valorar outro tipo de cousas? Cales?
- Considera que, como consumidores, nos estamos volvendo máis esixentes e conscientes?
- Como pensa que evolucionará a nosa sociedade neste sentido?
- Que aspectos positivos e negativos lle ve ao feito de que a sociedade de consumo vaia perdendo forza?

(Se procede)

- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe?

OPCIÓN B

«Non só se trata de non consumir, senón de desintoxicarse»

- Parécelle que chegamos ao extremo de que os nosos hábitos de consumo nos están intoxicando? De que maneira?
- Non lle parece que isto é unha esaxeración?
- Que opina sobre a decisión dalgunha xente de se desfacer das súas pertenzas e comezar outro tipo de vida? Vostede sería quen de facelo?
- Como cre que sería a sociedade se a maioría da xente adoptase esa decisión? Sería unha sociedade máis feliz?
- Non lle parece que non é necesario tomar decisións tan drásticas e que bastaría con consumir de xeito responsable?
- Que é para vostede consumir de xeito responsable?
- Cre que os gobernos deberían tomar medidas para evitar o exceso de consumismo?
(Se procede)
- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe?

OPCIÓN C

«Este fastío cada vez máis universal do consumo tamén alcanza o universo dixital»

- Considera que o universo dixital está sendo tóxico para a sociedade actual ou isto é unha esaxeración?
- Que opina da opción dalgunha xente de lle dar as costas a Internet? Non lle parece que isto é complicado nunha sociedade interconectada como a actual?
- Non cre que bastaría con que optásemos por un uso responsable de Internet e das redes sociais? Por que?
- Que é para vostede usar responsablemente Internet?
- No ámbito laboral, parécelle necesaria unha regulamentación do dereito dos traballadores e traballadoras á desconexión dixital fóra do seu horario de traballo? Por que?
- Como cre que evolucionará a sociedade en canto ao uso das redes e de Internet?
- Cre que un mundo sen Internet sería mellor? Por que?
(Se procede)
- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe?

OPCIÓN D

«A toma de conciencia ecolóxica e o medo ao cambio climático influíron nesta nova austeridade»

- Considera que esta é unha razón de peso pola que parte da sociedade está deixando de consumir?
- Cre que consumir de maneira responsable desde un punto de vista ecolóxico supón demasiados sacrificios que a sociedade non está disposta a asumir?
- Que lle parece que haxa xente que suba a un avión e percorra medio mundo para ir a un hotel ecolóxico? Ou que haxa xente que vai ao ximnasio en coche?
- Que consecuencias opina que ten para o medio ambiente o feito de que os aparellos electrónicos teñan unha duración preestablecida?
- Cre que o modelo de mercar e tirar debe substituírse polo de reducir, reciclar, reutilizar? Por que?
- Parécelle que somos conscientes do dano que lle estamos provocando ao medio ou que non reaccionaremos ata que haxa un verdadeiro desastre natural?
- Non lle parece que a natureza xa nos está avisando dese futuro desastre e que non lle estamos a facer caso, nin nós como cidadáns nin tampouco os gobernos?

(Se procede)

- Respecto desta cuestión, cales son as diferenzas que ve vostede entre Galicia e o seu país de orixe?